



XIV PINGA-PINGA (12 OUTUBRO 2024): Proba do calendario oficial da Federación Galega Atletismo

Continuando co obxectivo de seguir dinamizando o deporte na nosa comarca, o Club Deportivo Pinarium convoca a 14ª edición da Carreira Pinga-Pinga que terá saída e chegada no Campo de fútbol da Parroquia de San Tomé de Piñeiro.

REGULAMENTO

1.- XERAL:

Participación:

Poderán participar atletas federados e non federados.

Estes participantes Terán a responsabilidade de acudir en bo estado físico para participar en dita proba que se disputará en Santomé, no concello de Marín

NORMATIVA:

I) A saída darase no campo de fútbol de Santomé "Chan de Piñeiro", ao igual ca chegada. No campo de fútbol o acceso estará controlado pola organización, debido ao aforo limitado para este tipo de eventos deportivos.

II) Os participantes deberán colocarse na liña de saída cando estableza a organización e os xuíces da competición.

III) A Organización contará coa axuda dos organismos municipais competentes que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido. É unha obriga obedecer ás indicacións de ditos organismos.

IV) Será obrigatoria a utilización do dorsal en todas as categorías da carreira. O chip de cronometraxe ofrecido pola organización irá nos dorsais das carreiras sub14-sub16 ata a carreira absoluta, para facilitar o control dos tempos destas carreiras que transcurren polo circuito do exterior do campo de fútbol.

V) Cada participante que se inscribe nesta carreira pon de manifesto que considera ter un estado físico apto para completar a proba sen que poda afectar a súa saúde.

VI) A participación de atletas extranxeiros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artigo. do "Reglamento para las competiciones de la temporada de campo a través, marcha, carreras en

carretera, y reuniones de pista cubierta y aire libre”. Se completará a información desta norma.

VII) Reclamacións: deberán ser feitas nun prazo máximo de 30 minutos desde a publicación dos resultados oficiais.

VIII) Serán motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, recibir axuda externa ou de motor para completar o percorrido, non levar o dorsal visible para os xuíces ou manipulalo ou falsificar datos persoais.

IX) Todo o non disposto na presente normativa rexeráse polas normas de Competición da FGA, RFEA e WA para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación ou nas RRSS relacionadas coa carreira.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 - 15008 A Coruña.

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde media hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimiento latente, imprudencia ou desatendemento das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da

inscripción, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

2.- HORARIOS E LUGARES (Horarios estimados que poden sufrir algunha variación. Recoméndase acudir con tempo suficiente)

Data: sábado, 12 de outubro de 2024

Lugar: Campo de fútbol San Tomé de Piñeiro (Marín)

VIII ANDAINA (DESDE A IDADE DE 5 ANOS) ANTES DA CARREIRA DE MAIORES: HORA DA ANDAINA AS 10:30H.

CATEGORÍAS

CATEGORÍAS DE MENORES:

PITUFOS (nados 2017-2018) HORA: 12:45 (DISTANCIA 200m)

CHUPETES (nados 2019-2022) HORA: 12:50 (DISTANCIA 100m)

BENXAMÍNS (SUB 10):

Hora: 12:30 (nenas)/ (nenos)

Benxamíns = nados 2015/2016

Percorrido: 500 mts aprox.

ALEVÍNS (SUB 12):

Hora: 12:40 (nenas)/ (nenos)

Idade: Alevíns = nados 2013/2014

Percorrido: 750 mts aprox.

INFANTIS (SUB14)

CADETES (SUB 16), teñen 1 € de inscrición polo chip de cronometraxe do circuito exterior

Hora: 12:05 (ao finalizar a carreira de adultos, horario aproximado)

Idades: Sub14- Nados 2001/2012

Sub16- Nados 2009/2010

Percorrido: 2.000 m aprox. – unha volta pequena de circuito.

MAIORES (CATEGORÍA ADULTOS):

Hora: 11:00h.

Percorrido: 7.500m – tres voltas.

Idade: desde nados en 2008

Categoría Promesa: que agrupa desde Sub18 a sub23, son os nad@s de 2002 a 2008

Senior: nados ano 2001 e anteriores (ata veteran@s)

Masterillo: De 35 a 44 anos

Veteranillo: De 45 a 54 anos

Super veterán: Desde 55 anos xa cumpridos

3.- INSCRICIÓNS, En www.carreirasgalegas.com:

ANDAINA: 2 € Para os participantes maiores de 14 anos. Os participantes da Andaina menores desa idade para inscrición enviar datos a clubdeportivopinarium@gmail.com

CATEGORÍA DE MENORES: Gratuita (excepto os que corren en circuito exterior, que teñen cuota de inscrición de 1 € e levarán chip de cronometraxe e terán clasificación para estas categorías de infantís e cadetes)

Todas as Inscricións na web **www.carreirasgalegas.com**

MAIORES: En www.carreirasgalegas.com será a pasarela de inscricións, dorsais-chips e resultados da Categoría Adultos. AS INSCRIPCIONES se poderán levar a cabo **ATA 8 OUTUBRO as 23:59h.**

A inscrición individual dos adultos serán 7€ (1 € de cada inscrición individual será A FAVOR DA AECC- Asociación Española contra o Cancro)

AQUELAS PERSOAS QUE FAGAN INSCRICIÓN NALGUNHA DAS CARREIRAS E TEÑAN CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE FÍSICA OU INTELECTUAL, COMUNICALO A MAIORES AO CORREO ELECTRÓNICO clubdeportivopinarium@gmail.com, **ATA O MARTES 8 DE OUTUBRO**

4.- PERCORRIDO:

PERCORRIDO MENORES: Campo de Fútbol de San Tomé – Fonte de Pinga-Pinga – Cruceiro – Baixada cara o Campo de Fútbol de San Tomé.(1 Volta pequena)

PERCORRIDO MAIORES: Campo de Fútbol de San Tomé – Fonte de Pinga-Pinga – Bar Stop – Igrexario – Bar o Tobo – Campo de Fútbol de San Tomé.(3 Voltas).

5.- PREMIOS: ENTREGA PREMIOS.

MENORES: @s 3 primeiros clasificad@s de cada categoría recibirán un trofeo (na categoría de pitufos e chupetes tod@s Terán a súa medalla conmemorativa)

MAIORES: Trofeo aos tres primeiros clasificados MASCULINO E FEMENINO das cinco categorías establecidas, exceptuando os 3 primeiros da categoría absoluta. Estes levan o premio da Absoluta (non acumulativos).

Hai Premio para o primeiro e a primeira atleta de Marín, unha comida/cea para dúas persoas nun Restaurante da zona que se anunciará antes da celebración da Carreira.

Na carreira absoluta, recibirán os seguintes premios:

ABSOLUTA MASCULINO

1º - 150 € e Trofeo PINGA-PINGA (serie limitada)

2º - 100 € e Trofeo

3º - 50 € e Trofeo

ABSOLUTA FEMENINO

1ª - 150 € e Trofeo PINGA-PINGA (serie limitada)

2ª- 100 € e Trofeo

3ª- 50 € e Trofeo

Os premios se ingresarán por transferencia do clube organizador no prazo de 10 días (premios en concepto de gastos de desprazamento e estancia)

Nota: A organización non otorgará o premio económico si un d@s 3 primeir@s da clasificación absoluta ten algunha sanción por dopaxe en vigor. De darse o caso o premio económico correspondente sería para o seguinte posto da xeral absoluta.

Novidade: Haberá premio para os 3 primeiros equipos mixtos. Premio de 100 € para o mellor equipo, de un máximo 8 e mínimo de 6 integrantes, no que puntuarán os 4 mellores postos. Un dos integrantes que sumen puntos ten que ser de outro sexo, para que o equipo sexa mixto. **Importante: Os que queiran participar nesta clasificación por equipos “Equipo popular” deberán comunicar o nome dos integrantes e o nome do equipo antes de peche de inscricións ao correo: clubdeportivopinarium@gmail.com.**

III CRONOESCALADA PINGA PINGA - GRAN PREMIO DISALMO

Esta cronoescala se levará a cabo no trascurso da carreira absoluta (na subida da segunda volta desde o campo de futbol ata a Fonte PingaPinga) e haberá premio  para os mellores tempos masculino e feminino nesta subida (condición para levar este é que @s que obteñan estes mellores tempos, terminen a Carreira Absoluta entre os 60 primeiros homes ou as 60 primeiras mulleres. Para este premio quedan excluídos os 3 primeiros homes e 3 primeiras mulleres da clasificación xeral)

OS ATLETAS QUE OBTENÑAN ALGÚN PREMIO DEBERÁN ACREDITAR A SÚA IDENTIDADE

6.- AGASALLOS

Haberá agasallo conmemorativo para os 250 primeiros inscritos na categoría absoluta. Haberá avituallamento para os participantes.

Organiza: CLUB DEPORTIVO PINARIUM, O CONCELLO DE MARÍN e A Deputación de Pontevedra, en colaboración coa Comunidade de Montes de Santo Tomé de Piñeiro.